

BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DO ANO 2014 DO PROGRAMA DE AXUDAS MUNICIPAIS Á CREACIÓN DE EMPRESAS

Base 1º.- OBXECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN

1.1.- FINALIDADE

A presente disposición ten por obxecto fixar as bases reguladoras e convoca- la concesión para o ano 2014 das axudas municipais para o fomento da creación de empresas no Concello da Estrada.

Este programa de axudas da Concellería de Promoción Económica ten a finalidade de colaborar de maneira activa na xeración de emprego no noso municipio apoiando a posta en marcha de novos proxectos empresariais.

1.2.- BENEFICIARIOS

Poderán acollerse a estas axudas os/as empresarios/as individuais e as pequenas e medianas empresas (PEMES), independentemente da súa forma xurídica, que iniciasen a súa actividade empresarial entre o 1 de xaneiro de 2013 e o 31 de decembro de 2013 (entendendose por inicio da actividade a alta no I.A.E.).

Para delimitar a denominación de PEME terase en conta o establecido no Regulamento CE número 800/2008 da Comisión de 6 de agosto de 2008.

1.3.- REQUISITOS XERAIS DOS/AS BENEFICIARIOS/AS

- 1.- Que a empresa teña o seu domicilio fiscal na Estrada.
- 2.- Que, a lo menos, un dos/as promotores/as se atope en situación de desemprego na data de inicio da actividade empresarial a desenvolver e crear, como mínimo, o seu propio posto de traballo en calquera das formas xurídicas existentes.
- 3.- Que a empresa sexa viable técnica, económica e financeiramente.
- 4.- Que sexan empresas de nova creación dentro dos tres sectores produtivos, considerando incluídos, en tal concepto, os traspasos de negocios que non teñan vinculación familiar.
- 5.- Non ter débedas coa Seguridade Social, coa Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, coa Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT) nin co Concello da Estrada, nin a empresa nin ningún dos seus socios.
- 6.- Non poderán obter a condición de beneficiarios/as os/as empresarios/as e as PEMES que concorran nalgunha das circunstancias previstas no artigo 10, apartados 2 e 3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 13 da Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

1.4.- TIPO, CONTÍA DAS AXUDAS E GASTOS SUBVENCIONABLES

As axudas son a fondo perdido e a súa finalidade é subvencionar parte dos gastos da posta en marcha e do funcionamento da empresa. O importe máximo destas axudas é de 1.500 euros por empresa, dita axuda non poderá superar a cuantía total do investimento inicial realizado polos promotores/as.

GASTOS SUBVENCIONABLES:

a) Gastos de constitución e apertura

Serán subvencionables os seguintes gastos xerados no proceso de apertura e constitución da empresa:

- ➡ Visado, gastos de proxectos técnicos e honorarios.
- ➡ Alta no Rexistro Mercantil.
- ➡ Certificación negativa do nome da sociedade.
- ➡ Honorarios de notarías por elaboración de escrituras públicas.
- ➡ Gastos derivados da publicación no BORME
- ➡ Modelo 600 da Xunta de constitución da empresa.

b) Adquisición inicial de mercadorías

A adquisición das primeiras compras de mercadorías, materias primas e outros consumibles empregados no proceso de produción.

c) Gastos correntes de aluguer de local

Serán subvencionables os gastos de aluguer do local de actividade. Non son subvencionables os conceptos de fianzas e garantías.

d) Gastos de auga, calefacción e teléfono

Serán subvencionados, sempre e cando os gastos correntes se deriven directamente da realización da actividade empresarial.

e) Gastos en publicidade de lanzamento

Dentro dos cales se recollen a edición de folletos, tarxetas, diseño de catálogos e logotipos, anuncios en medios de comunicación, rotulación.

f) Dereitos de propiedade industrial

Serán subvencionables os seguintes dereitos:

- ➡ Patentes
- ➡ Modelos de utilidade
- ➡ Deseño industrial
- ➡ Marcas de produtos ou servizos
- ➡ Nomes comerciais
- ➡ Dominio de internet/ páxina web

g) Elaboración páxina web da empresa.

h) Asistencia dos/as promotores/as a cursos, seminarios e xornadas de temas que teñan que ver co obxecto da formación para a posta en marcha da actividade empresarial en xeral, así como aos relacionados de maneira directa.

i) Inversións en concepto de adquisición de activos fixos novos: ordenadores de sobremesa, portátiles, terminales de punto de venda, impresoras etc. deben ser activos fixos debidamente xustificadas e necesarios para o desenvolvemento da actividade empresarial.

j) Imposto de vehículos de Tracción Mecánica (IVTM)

Será subvencionable o custo de dito imposto. Só poderá subvencionarse un vehículo por empresa e só no caso de ser imprescindible e estar relacionado directamente coa actividade a desenvolver (transportista, comercial, reparto etc).

Quedan excluídos destas axudas calquera outro gasto non incluído expresamente nos conceptos subvencionables anteriormente relacionados, e en ningún caso se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, nin os impostos persoais sobre a renda. No caso de dúbida será a Comisión de Valoración quen decida.

1.5.- CRITERIOS DE AVALIACIÓN

A concesión das subvencións graduarase tendo en conta os seguintes criterios:

- 1) Emprendedores/as que obtiveron do Concello da Estrada o certificado necesario para a súa cualificación como ILE ante a Xunta de Galicia ou que foron asesorados polo servizo de Axente de Emprego e Desenvolvemento Local que se presta nas instalacións municipais ou nas instalacións da Fundación Cultural (**ata 2 puntos**).
- 2) A situación social dos/as socios/as promotores/as (**ata 8 puntos**).
Esta baremación terá en conta a pertenza dos/as socios/as aos colectivos con maiores dificultades de inserción laboral, así:
 - Persoas paradas de longa duración. (*)
 - Que sexa o seu primeiro emprego.
 - Menor de 30 anos.
 - Maior de 45 anos.
 - Mulleres.
 - Discapacitados/as.
 - Persoas pertencentes a colectivos en risco ou situación de exclusión social (**).
 - Persoas que esgotasen a súa prestación por desemprego ou subsidio.

Por cada condición que reúna cada un dos socios/as promotores/as outorgaráselle **2 puntos**.

(*) Considéranse parados/as de longa duración aquelas persoas que estivesen sen traballo durante polo menos 12 dos 16 meses anteriores , no caso de persoas maiores de 25 anos, e 6 meses dos últimos 8 no caso de menores de 25.

(**) Considéranse colectivos en risco ou situación de exclusión social os seguintes:

- Persoas perceptoras da renda de integración social de Galicia ou aquelas que non poidan acceder a ela (por falta do período esixido de residencia ou empadramento, ou por ter esgotado o período de percepción legalmente establecido), ou que teñan membros da súa unidade familiar en situación de desemprego.
- Persoas que participen ou participasen en procesos de rehabilitación ou reinserción social de drogodependencia, debidamente acreditados ou autorizados. Internos/as de centros penitenciarios con situación penitenciaria que lles permita acceder a un emprego, así como liberados/as condicionais ou ex-reclusos/as que non tivesen antes un primeiro emprego fixo remunerado tras un período de privación de liberdade.
- Mulleres procedentes de casas de acollida que presenten problemas adicionais de inserción ou reinserción laboral.
- Persoas que teñan acreditada pola Administración competente a condición de vítima de

violencia doméstica.

- Mulleres que abandoasen o exercicio da prostitución e se incorporen ao mercado laboral, e transexuais ou persoas en proceso de reasignación sexual.
- Menores internos cuxa situación lles permita acceder a un emprego, así como os que estean en situación de liberdade vixiada e os ex- reclusos/as.
- Mozos/as que estean ou estivesen ata a súa maioría de idade baixo a tutela ou garda da Administración.
- Traballadores/as inmigrantes que pasen a ser residentes na Comunidade Autónoma de Galicia e cuxas características condicionen a súa integración social.
- Emigrantes retornados/as con graves necesidades persoais ou familiares.
- Persoas que formen parte de colectivos ou minorías cuxas características poidan condicionar as súas posibilidades de integración social.

3) Número de postos de traballo creados por conta propia ou allea a tempo completo por un período mínimo de 6 meses (**2 puntos**), no caso de xornadas parciais puntuarase en proporción.

4) Antigüidade no desemprego dos/as promotores/as e/ou dos/as contratados/as a xornada completa (**ata 10 puntos**).

	1 persoa	2 persoas	3 persoas
Menos de 3 meses	1 Punto	2 Puntos	3 Puntos
de 3 a 6 meses	2 Puntos	4 Puntos	5 Puntos
de 6 a 12 meses	3 Puntos	6 Puntos	8 Puntos
Máis de 12 meses	4 Puntos	8 Puntos	10 Puntos

5) Que a/as persoa/as, promotora/as e contratada/as por conta allea, estean empadroadas no Concello da Estrada (**ata 10 puntos**), dous puntos por cada persoa empadroadada.

6) Polo emprego da lingua galega na realización das actividades propias da empresa (**1 punto**).

Para a realización da repartición do orzamento presupuestario terase en conta a valoración acadada segundo os criterios mencionados anteriormente, obtendo a solicitude máis puntuada 1.500 € de subvención, a partires da subvención que acade esta puntuación máxima, daráselle un valor monetario a cada punto acadado polo resto das asociacións a fins de outorgarlles a axuda.

1.6.- ALTERACIÓN DAS CONDICIÓNNS DE CONCESIÓN DAS AXUDAS

A empresa deberá manter a súa actividade e as condicións que deron lugar á concesión da subvención durante un mínimo de dous anos contados dende a data da resolución da concesión. A Concellería de Promoción Económica poderá realizar as comprobacións que estime oportunas, ben mediante requerimento da documentación necesaria ou ben mediante visita á empresa, aos efectos de comprobar o cumprimento das obrigas establecidas neste punto.

Calquera alteración nas condicións iniciais tidas en conta para a concesión desta subvención deberá comunicárselle á Concellería de de Promoción Económica no prazo de un mes dende a súa modificación.

O cese da actividade ou a modificación das condicións que deron lugar á concesión da subvención, salvo causa xustificada a xuízo da Xunta de Goberno Local, antes de que transcorra un ano dende o inicio da actividade empresarial será causa de reintegro total da subvención concedida.

A partires deste ano, o cese da actividade ou a modificación da subvención, dará lugar ao reintegro da metade da subvención, salvo tamén causa xustificada a xuízo da Xunta de Goberno Local ou que o incumprimento das condicións se aproximara substancialmente ao cumprimento.

En todo caso, se a Administración municipal prezase mala fe ou fraude nos motivos do cese da actividade ou do cumprimento das condicións da subvención procederá ao reintegro do importe íntegro da subvención.

BASE 2º.- EXCLUSIÓNS E INCOMPATIBILIDADES

O conxunto das axudas desta convocatoria son compatibles con calquera outra concedida por empresas públicas ou privadas, estatais ou internacionais, sempre que se cumpran os seguintes requisitos:

a) O importe total das axudas percibidas polo mesmo concepto non poderá superar o custe total dos gastos subvencionables polas presentes axudas. En tal caso cando a actividade fose financiada con outros recursos deberá xustificarse o importe, procedencia e aplicación de tales fondos.

b) Cando se trate de axudas compatibles entre si dadas en concepto de “minimis”, por calquera Administración Pública e para calquera tipo de gasto, non poderá superar en todo caso o límite de 200.000 € durante calquera período de tres exercizos fiscais para o/a mesmo/a beneficiario/a e no caso dunha empresa que opere no sector do transporte por estrada non será superior a 100.000 € durante calquer período de tres exercizos fiscais.

BASE 3º.- COMPETENCIA E PROCEDEMENTO DE TRAMITACIÓN

3.1.- INSTRUCIÓN E TRAMITACIÓN DAS AXUDAS

O procedemento para a concesión destas subvencións iniciarase de oficio tras a aprobación das presentes bases e a convocatoria por parte da Xunta de Goberno Local e tramitarase en réxime de concorrencia competitiva (a concesión das subvencións realizarase mediante a comprobación das solicitudes presentadas a fin de establecer unha prelación entre as mesmas, en función dos criterios de valoración recollidos no apartado 1.5).

A Concellería de Promoción Económica será a encargada da tramitación das solicitudes e, tras o informe elaborado pola Comisión de Valoración, proporalle a concesión e/ou denegación das axudas á Xunta de Goberno Local.

A Xunta de Goberno Local será o órgano competente para conceder ou denegar as axudas, e o seu acordo será publicado no Taboleiro de anuncios do Concello da Estrada, na páxina web do Concello www.aestrada.com, e poderase así mesmo, notificar de forma individual no enderezo electrónico indicado na solicitude e no enderezo postal que faciliten no modelo de solicitude.

O expediente de concesión da subvención conterá o informe do órgano instructor no que conste que da información que obra no seu poder se desprende que os beneficiarios cumpren todos os requisitos necesarios para acceder ás mesmas (art. 21.1 parágrafo 6 da Lei 9/2007, de 30 de xuño, de

Subvencións de Galicia).

3.2.- COMISIÓN DE VALORACIÓN E SEGUIMIENTO

Existirá unha Comisión de Valoración das solicitudes e seguimento das subvencións concedidas, que estará composta por:

- Concelleiro de Promoción Económica
- Dous/duas funcionarios/as nomeados pola Alcaldía
- Un/ha dos/as funcionarios/as actuará como Secretario/a

A Concellería de Promoción Económica será a encargada de avaliar as solicitudes, e tramitará aquelas que reúnan os requisitos contidos nestas bases, e así mesmo, levará control, seguimento e inspección das axudas concedidas. Para as accións de control, seguimento e inspección, a comisión de valoración e seguimento e a Concellería de Promoción Económica poderán requirirille aos/as empresarios/as e/ou as PEMES beneficiarias a documentación necesaria co fin de comprobar que se cumpren as condicións para as que se concedeu a subvención.

BASE 4.- SOLICITUDES, OBRIGAS E PRAZO DE PRESENTACIÓN

4.1.- SOLICITUDES

As solicitudes das axudas reguladas na presente convocatoria, presentadas segundo modelo normalizado (**Anexo I**), presentaranse no Rexistro Xeral do Concello ou por calquera outro medio previsto no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

As solicitudes dirixiranse á Concellería de Promoción Económica, debendo ir acompañadas da seguinte documentación (orixinal ou copia cotexada), debidamente cuberta e asinada:

- Declaración responsable do cumprimento dos requisitos segundo o punto 1.2 e 1.3 da base 1º de dita subvención (**ANEXO II**).
- Declaración responsable de estar ao corrente nas obrigas coa Seguridade Social, coa Consellería de Facenda, a AEAT (Axencia Estatal de Administración tributaria) e o Concello da Estrada da sociedade e de todos/as os/as socios/as (**ANEXO II**).
- Declaración responsable de non está incurso en ningunha das causas de prohibición de percepción de subvencións ou axudas públicas segundo o establecido no artigo 13 da Lei 18/2003 Xeral de Subvencións (**ANEXO II**).
- Certificación bancaria a efectos de pagamento da axuda.
- Declaración responsable das axudas solicitadas e/ou concedidas para a mesma finalidade (**ANEXO III**).
- Memoria xustificativa do proxecto empresarial (**ANEXO IV**).
- Relación de facturas presentadas dos gastos subvencionables, acreditando o pago mediante orixinal ou copia cotexada da transferencia bancaria, recollidos na Base 1º, no punto 1.4 (**ANEXO V**).
- CIF/NIF/DNI da empresa/empresario/a individual e dos socios/as comuneiros/as e, no seu caso, copia do contrato/escritura de constitución da empresa debidamente inscrita no Rexistro Mercantil (no caso de sociedades limitadas, só será preciso o DNI do representante da empresa e dos socios que se autoempreguen).
- Alta no IAE da empresa ou empresario/a individual que solicita a axuda e, no caso das

- sociedades limitadas de nova empresa (SLNE) e documento único electrónico (DUE).
- Alta no correspondente réxime da Seguridade Social e vida laboral dos/as empresarios/as traballadores/as que creen o seu propio posto de traballo.
 - Facturas dos gastos e xustificantes bancarios para os que se solicitou a subvención xunto coa póliza do seguro e contrato de aluguer, no seu caso. No caso de licenzas deberá indicar a contía aboada.
 - Solicitude da licenza ou declaración responsable de apertura e licenza de obras, cando sexa necesario para o desenvolvemento da actividade.
 - Documentación a presentar para a avaliación (punto 1.5 das bases):

Certificado emitido polo Concello como ILE ou declaración da súa obtención.

Certificados acreditativos da situación social dos promotores autoempregados (vida laboral, DNI, certificado de discapacidade, acreditación da pertenza a colectivos en risco ou situación de exclusión social e acreditación das persoas que esgoten a súa prestación de desemprego ou subsidio, no seu caso).

No caso de contratacións:

- DNI e vida laboral das persoas traballadoras contratadas.
 - Contrato de traballo, debidamente rexistrado polo Servizo Público de Emprego.
 - Alta na Seguridade Social das persoas contratadas.
- Calquera medio que probe o emprego da lingua galega na realización das actividades propias da empresa (páxina web, publicidade en galego etc).
 - Certificados ou calquera documento que o/a solicitante estime oportuno para a súa avaliación.

Cando a solicitude non reúna os requisitos esixidos, ou falte algún documento que segundo a Base 4º resulte esixible, requirirase á/ás persoa/as interesada/as para que no prazo de dez días subsane a falta ou aporte os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixera, se lle terá por desistido da súa solicitude, arquivándose ésta previa resolución que deberá ser dictada nos termos previstos na Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

Toda a documentación deberá presentarse numerada, con data, identificación da persoa solicitante e/ou da empresa e debidamente asinada, non sendo necesario presentar os DNI cotexados. No caso de dúbida sobre a documentación aportada, será a Comisión de Valoración a que decida.

4.2.- OBRIGAS E PRAZOS

Dacordo co establecido no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, serán obrigas da empresa beneficiaria:

- Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.
- Colocar no negocio un cartel informativo no que se faga constar que a empresa recibiu unha subvención por parte do Concello da Estrada (este cartel será proporcionado dende a Concellería de Promoción Económica).
- Acreditar no momento da solicitude da axuda, que se atopa ao corrente das súas obrigas fiscais coa Concellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia, coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), coa Seguridade Social e co Concello da Estrada. Non

procederá o pago da subvención en tanto o beneficiario non acredite estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa Seguridade Social ou sexa debedor por resolución de procedencia ou reintegro.

- Comunicarlle ao Concello da Estrada calquera modificación das condicións que se tiveron en conta no momento da concesión, así como dos seus compromisos e obrigas.
- Declarar as subvencións e axudas concedidas ou solicitadas polo mesmo concepto procedentes de calquera outra administración.
- O beneficiario deberá someterse ás actuacións de control, comprobación e inspección que se leven a cabo pola Comisión de Valoración, a quen corresponderá a comprobación destas subvencións, e facilitará a ésta e á Intervención Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas toda a información que reclamen no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións, para o cal deberá conserva-los documentos xustificativos de aplicación dos fondos percibidos, en canto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

O prazo de presentación de solicitudes será de 10 días hábiles, iniciándose ao día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

A documentación relativa aos proxectos que non resulten subvencionados, poderá ser retirada das dependencias municipais polo solicitante, no prazo de tres meses dende a publicación do acordo, previa solicitude por Rexistro de entrada no Concello. Transcorrido dito prazo, a administración municipal non estará obrigada á súa custodia.

BASE 5º.- CONCESIÓN DAS AXUDAS E TRAMITACIÓN DO PAGAMENTO

1. A Xunta de Goberno Local será o órgano competente para decidir sobre a concesión ou denegación das axudas, previo informe da Comisión de Valoración.
2. O prazo para resolver será de como máximo de dous meses dende o último día de prazo de presentación das solicitudes no Rexistro Xeral do Concello.

Transcorrido o devandito prazo de dous meses sen que a Xunta de Goberno Local dicte resolución expresa, entenderase que é desestimada a petición de axuda. Esta desestimación presunta poderá ser recurrida en reposición no prazo de tres meses máis.

Trascorrido este último prazo unicamente se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso- Administrativo da Estrada, sen perxuízo, da procedencia do recurso extraordinario de revisión.

A resolución do procedemento publicarase no taboleiro de anuncios do Concello da Estrada e na páxina web (www.aestrada.com) e poderase notificar individualmente no enderezo electrónico indicado na solicitude, no prazo de dez días dende a resolución de concesión ou denegación, segundo o artigo 58 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Poderá formularse, de forma potestativa, recurso de reposición, no prazo de un mes, ante o mesmo órgano que ditou a resolución impugnada, de acordo coa Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Contra esta resolución cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa, de conformidade co disposto

na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso- administrativa.

Os/as adxudicatarios/as das axudas estarán obrigados no prazo de dez días a contar dende o día seguinte ao da súa notificación a comunicar á Concellería de Promoción Económica a aceptación ou renuncia das axudas por escrito, transcorrido o cal sen manifestación expresa entenderase tacitamente aceptada. Unha vez concedidas as axudas ou subvencións, faranse efectivas nun pagamento único, condicionadas a que a entidade esté ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias co Concello e a presentar a seguinte documentación:

a) Unha relación clasificada dos gastos totais subvencionados, con identificación do acreedor e do documento, o seu importe, data de emisión e, no seu caso, data de pagamento.

Nas facturas computarase o gasto acreditado deducido o IVE, salvo que a entidade acredite que está exenta de IVE, xa que en ningún caso se consideran gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación.

b) Facturas orixinais polo importe total da subvención outorgada. Ditas facturas deberán conter os seguintes requisitos esixidos legalmente:

- Número e no seu caso serie.
- Nome e apelidos ou denominación fiscal (se ten local só enderezo do local senon enderezo no modelo da declaración censal).
- Número de identificación fiscal (NIF ou CIF).
- Enderezo (tanto do expendedor como do tomador da factura).
- Descrición detallada cos prezos unitarios, se é o caso, da operación, adquisición ou contraprestación.
- Lugar e data de emisión.

Se está suxeito a IVE, deberán consignarse os datos necesarios para calcular a base imponible e sinalar o tipo de imposición. Nas facturas emitidas por entidades exentas de IVE, achegarase o documento xustificativo de tal situación.

Nas facturas emitidas por profesionais, a pertinente retención do IRPF.

c) Declaración xurada do perceptor (**ANEXO VI**), acreditativa dos seguintes extremos:

- Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.
- Que foron aboadas aos seus expedicionarios ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.

Cando se xustifiquen gastos que constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre Renda das Persoas Físicas e suxeitos á retención, que foi practicada a pertinente retención, así como que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal de Administración Tributaria.

e) Certificados de estar ao corrente das súas obrigas fiscais coa Concellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia, coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), coa Seguridade Social e co Concello da Estrada.

f) Certificado emitido polo Tesoureiro Municipal do Concello de estar ao corrente coas obrigas tributarias municipais.

O prazo para presentar esta documentación será de 10 días a contar dende o día seguinte ao da notificación da concesión das correspondentes axudas.

Toda a documentación deberá presentarse numerada, con data, identificación da persoa solicitante e da empresa e a sinatura do seu representante e presentarse no Rexistro Xeral do Concello ou a través de calquera dos medios previstos no artigo 38,4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

O servizo xestor, Concellería de Promoción Económica, que tramita a concesión levará a cabo a comprobación do cumprimento para o que foi concedida a axuda, informando da axeitada xustificación da subvención, sen perxuízo do seguimento do mantemento da concesión ou tratamento da subvención no prazo de dous anos esixidos.

BASE 6º.- PUBLICIDADE

6.1.- PUBLICIDADE DA CONVOCATORIA E DAS BASES REGULADORAS DA CONCESIÓN DAS AXUDAS

A presente convocatoria coas bases reguladoras da concesión das axudas para o ano 2014 do “Programa de Axudas Municipais á Creación de Empresas”, do Concello da Estrada publicarase no correspondente diario oficial, nos xornais de maior tirada da cidade e na páxina web www.aestrada.com, unha vez aprobada pola Xunta de Goberno Local; as anteditas bases reguladoras e convocatoria e os seus modelos normalizados para a presentación de solicitudes facilitaranse na Concellería de Promoción Económica, na páxina web e no departamento de AEDL do Concello do Estrada así como da Fundación Cultural.

6.2.- PUBLICIDADE DAS SUBVENCÍONS CONCEDIDAS

Tódalas axudas que se concedan serán publicadas, cos devanditas indicacións, na páxina web municipal www.aestrada.com así como serán expostas no taboleiro de anuncios do Concello da Estrada e poderanse así mesmo notificar a través do enderezo electrónico indicado na solicitude.

6.3.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PÚBLICO

Os/as beneficiarios/as das subvencións obxeto desta convocatoria deberán poñer no seu local un cartel de forma visible no que se indique que a actividade está financiada polo Concello da Estrada. O cartel será sumisitrado polo propio Concello.

BASE 7º.- TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

Os datos persoais que deban facilitar os/as solicitantes das axudas empregaranse aos efectos de comprobar a concorrencia dos requisitos necesarios para obter ditas axudas e serán tratados aos exclusivos efectos da concesión das mesmas, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Promoción Económica.

BASE 8º.- PERDA DO DEREITO AO COBRO, RENUNCIA, NULIDADE E REINTEGRO, RÉXIME DE INFRACCIÓNS E SANCIÓN

1. PERDA DO DEREITO AO COBRO:

O incumprimento por parte do/a beneficiario/a da subvención de calquera das obrigas, requisitos, condicións e demais circunstancias que produciron o seu outorgamento, a variación da finalidade da actuación, a insuficiente xustificación do proxecto, así como a obtención concorrente doutras axudas compatibles ou incompatibles dará lugar, en cada caso, á perda do dereito ao cobro da subvención, á redución da contía da mesma ou ao reintegro total ou parcial das cantidades percibidas máis aos correspondentes xuros de demora dende o momento do seu pagamento, sen menos cabo das sancións, que de ser o caso, resulten exisibles.

2. RENUNCIA:

O/a beneficiario/ a poderá renunciar voluntariamente á subvención nas condicións que establece a normativa legal de aplicación.

3. NULIDADE, REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN

En canto ás causas de nulidade e anulabilidade do acordo de concesión das axudas e de reintegro das mesmas estarase ao disposto no artigo 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. En particular a percepción doutras axudas incompatibles coas que son obxecto destas bases dará lugar ao reintegro da axuda municipal, cos correspondentes xuros de demora dende o momento do seu pagamento, salvo que acredite, durante a tramitación do procedemento de reintegro, a renuncia e devolución da axuda incompatible coa municipal.

En canto ás infraccións e sancións en que poidan incorrer os/as beneficiarios/as destas axudas e procedemento para a súa imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, do 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.

BASE 9º.- NORMATIVA DE APLICACIÓN

A concesión destas axudas rexerase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou a seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polas bases reguladoras que se conteñen na presente convocatoria, polas Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais; as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

BASE 10º.- DISPOSICIÓNS ADICIONAIS

1.- PRIMEIRA

As accións incluídas nesta convocatoria financiaranse con cargo á asignación orzamentaria 434.489.03 do orzamento municipal para o ano 2014, cun importe total de 30.000 euros.

2.- SEGUNDA

A presente convocatoria e as axudas outorgadas ao abeiro dela cumpriron as directrices establecidas na Comisión relativa ás axudas de “minimis”.

BASE 11º.- DISPOSICIÓN FINAL

As solicitudes correspondentes poderán presentarse a partir do día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

O Concello da Estrada quedará exento de calquera responsabilidade civil, mercantil, laboral ou calquera outra derivada das actuacións ás que esten obrigadas as persoas ou entidades destinatarias das subvencións outorgadas.

O que fago público aos efectos oportunos.
A Estrada, 11 de abril de 2014.O Alcalde